

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ao día 4 de marzo de 2024**

Con data catro de marzo do ano dous mil vinte e catro, ás dez horas e sete minutos, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. Luís Menor Pérez

Deputados/as:

D.^a Marta Novoa Iglesias

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Teresa Barge Bello

Secretario:

D. Adamantino Barreiro García

Interventora:

D.^a María Begoña Álvarez Matos

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 26 DE FEBREIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 26 de febreiro de 2024.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 26 de febreiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS OU DE AUTOEMPREGO EN MUNICIPIOS DE MENOR POBOACIÓN. PROGRAMA “EMPRENDOU EN FEMININO”.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as bases reguladoras do concurso para a concesión de subvencións para proxectos empresariais ou de autoemprego en municipios de menor poboación, Programa “EmprendOU en feminino”, con suxeición ás seguintes cláusulas:

Primeira. - Obxecto:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da tramitación, concesión e xustificación das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrência non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais de menos de 10.000 habitantes da provincia de Ourense. Para determinar que municipios entran neste parámetro tívose en conta os datos publicados polo INE a data 26/12/2023

Segunda. -Requisitos dos beneficiarios e dos proxectos empresariais.

1. Poderán ser beneficiarias destas subvencións as persoas físicas que, a partir do 8 de marzo de 2024, inicien a súa actividade empresarial ou profesional por conta propia nalgún dos municipios recollidos no anexo I sempre que cumpran ademais os seguintes requisitos, referidos a data de inicio da actividade subvencionable ou á data específica que se indica en cada caso:

- a) Ser muller
- b) Ser maior de 16 anos e menor de 30 anos de idade na data de inicio da actividade.
- c) Ter nacionalidade española ou ser cidadán da Unión Europea ou dos estados parte do Acordo Económico Europeo ou de Suíza, ou ser estranxeiros titulares dunha autorización para residir en territorio español que habilite para traballar.
- d) Estar dada de alta como residente no padrón dalgún dos municipios ourensáns elixibles recollidos no anexo I das presentes bases, na data de alta na actividade. O empadramento nalgún dos municipios considerados “elixibles” e que se recollen no anexo I destas bases, terá que manterse durante todo o período subvencionable. O centro de traballo

da actividade terá que situarse igualmente nalgún dos municipios elixibles recollidos no anexo I.

e) Estar dada de alta na Seguridade Social en calquera réxime para o exercicio de actividades por conta propia, ou como colexiada en exercicio nunha mutualidade colexial.

f) Estar dada de alta para a actividade subvencionada no municipio elixible no censo de empresarias, profesionais e retedoras da Axencia Estatal Tributaria, mediante o modelo común (modelo 036) ou simplificado (modelo 037).

2. Para os efectos destas bases, entenderanse incluídas como persoas beneficiarias as que, cumprindo os requisitos esixidos no apartado anterior, exerzan a súa actividade por conta propia, en sociedade civil, comunidade de bens ou entidade mercantil. Terán que solicitar o acceso a estas axudas a título individual. Quedan expresamente excluídas as persoas autónomas ou profesionais colexiadas cando a súa actividade se realice como socia traballadora nunha empresa de economía social (cooperativa de traballo asociado ou sociedade limitada laboral).

Terceira. Disponibilidade orzamentaria

Para o financiamento das subvencións obxecto desta convocatoria existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 2411148947, ata un máximo de 150.000,00 €, nos orzamentos da Deputación Provincial de Ourense. Ano 2024.

Cuarta. Contía e xestión da subvención

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes consistirá nunha axuda económica cun importe fixo de 1.134,00 € por persoa solicitante que cumpra todos os requisitos previstos nestas bases.

A Área de Benestar da Deputación de Ourense xestionará as solicitudes presentadas concedéndose automaticamente as subvencións conforme co previsto nestas bases e serán adxudicadas por rigoroso orde de prelación de solicitudes ata o esgotamento do crédito.

A xestión de solicitudes realizarase cada sete días e referirase a todas as solicitudes presentadas entre as 00.01 horas do xoves anterior á valoración, ata as 12.00 horas do mércores, previo ao xoves de valoración, salvo aquelas solicitudes nas que por algunha causa non fose posible comprobar os requisitos de forma automática e fose necesario pedirlle á persoa solicitante a presentación de documentación.

As solicitudes que sexan conformes integrarán unha lista ordenada, na que se incluírán todas as que foron obxecto de xestión na semana e quedarán concedidas as subvencións

correspondentes. De forma paralela enviarase á entidade financeira colaboradora a lista ordenada de solicitudes concedidas co fin de que poida emitir e remitir as tarxetas electrónicas

Quinta.- Tarxeta electrónica da Deputación de Ourense

As persoas que resulten beneficiarias da subvención e figuren na resolución semanal recibirán na dirección sinalada na solicitude, a súa tarxeta electrónica, tarxeta **“EmprendOU en Feminino”**.

O funcionamento da tarxeta é o seguinte:

A beneficiaria deberá activar a súa tarxeta seguindo as instrucións que se acompañarán xunto coa remisión da tarxeta ao seu domicilio, a tarxeta poderá usala en calquera establecemento que teña un TPV, estando excluído o seu uso online, directamente en caixeiros automáticos ou directamente na entidade financeira.

O prazo durante o que estará activa a tarxeta para efectuar gasto será ata o 31 de decembro de 2025.

Sexta. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación.

1. De conformidade co establecido no artigo 7.2.e) da vixente Ordenanza provincial reguladora do acceso electrónico aos servizos públicos (BOP nº 296, do 28 de decembro de 2009), en relación co artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as solicitudes dos interesados deberán presentarse exclusivamente de forma electrónica, a través do rexistro electrónico da Deputación Provincial de Ourense, ou no rexistro electrónico de calquera das entidades públicas recollidas no artigo 2.1 da Lei 39/2015, sempre que, neste último caso, o devandito rexistro se atope integrado no sistema SIR.

2. As solicitudes poderán presentarse en calquera momento desde a publicación da convocatoria e ata o 30 de novembro de 2024 ou ata a finalización do crédito orzamentario.

3. As solicitudes deberán formularse anexando a seguinte documentación, en formato electrónico:

a) Formulario de solicitude dirixido á Presidencia da Deputación. Para estes efectos, utilizarase obrigatoriamente o modelo normalizado dispoñible.

Neste formulario deberá indicarse unha conta de correo electrónico para a recepción de avisos de posta a disposición das publicacións ou notificacións que afecten á interesada en sede electrónica que se realicen no expediente. En caso de non facilitarse este dato, a Deputación non realizará ningún aviso de comunicación, advertíndose que o expediente se

tramitará electronicamente e que todas as notificacións e publicacións se realizarán, exclusivamente, por esta vía, mediante a posta a disposición na sede electrónica da Deputación.

b) Documento de autorización á Deputación Provincial de Ourense para consultar e verificar na plataforma de intermediación de datos do Ministerio de Política Territorial e Función Pública os seus datos de identidade, residencia, cumprimento dos deberes coa Seguridade Social e cumprimento dos seus deberes tributarios coa Axencia Estatal Tributaria. Para estes efectos, utilizarase obrigatoriamente o modelo normalizado dispoñible.

As solicitantes que presenten esta autorización só estarán obrigadas a presentar a documentación prevista no apartado c) seguinte.

A presentación deste documento non é obrigatorio, pero no caso de non presentarse a Deputación non realizará de oficio a consulta e verificación dos datos das solicitantes sinalados no parágrafo anterior. Neste suposto, e dado o carácter obrigatorio da achega dos devanditos datos para poder resolver sobre a solicitude, as interesadas que non presenten a autorización deberán anexar coa súa solicitude a totalidade da documentación prevista no apartado d).

c) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria no suposto en que a solicitante autorice á Deputación Provincial a consulta e verificación dos seus datos a través da plataforma de intermediación de datos das administracións públicas do Ministerio de Política Territorial e Función Pública:

1) Certificado de estar dada de alta para a actividade subvencionada nun municipio elixible no censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal Tributaria.

2) Certificado de vida laboral.

3) Certificado emitido pola mutualidade colexial profesional onde conste a data de alta no exercicio profesional da persoa solicitante, no caso de exercicio de profesións colexiadas que contén con este sistema alternativo á alta no Réxime Especial de Traballadoras Autónomas da Seguridade Social.

4) Declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria segundo o formulario que se obterá na plataforma informática.

5) Certificado de atoparse ao corrente coas obrigacións tributarias e non ter pendente de pago ningunha débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

6) Facturas de gasto/investimento realizadas pola persoa solicitante cunha contía mínima igual á subvención solicitada. Estes gastos/investimento deberán gardar estrita coherencia co tipo de negocio/actividade que motiva a solicitude.

A esixencia de presentación da documentación prevista neste apartado xustifícase ao non estar dispoñible a súa consulta e verificación nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas.

Os datos referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil seranlle comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora, para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cuantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

d) Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria no suposto no que a solicitante non autorice á Deputación Provincial a consulta e verificación dos seus datos a través da plataforma de intermediación de datos das administracións públicas do Ministerio de Política Territorial e Función Pública:

Neste suposto, a interesada deberá achegar os seguintes documentos:

- 1) DNI ou NIE da solicitante.
- 2) Certificado de empadramento da persoa solicitante nun municipio elixible.
- 3) Certificado de estar dado de alta para a actividade subvencionada nun municipio elixible no censo de empresarios, profesionais e retedoras da Axencia Estatal Tributaria.
- 4) Certificado de vida laboral da persoa solicitante.
- 5) Certificado emitido pola mutualidade colexial profesional onde conste a data de alta como profesional en exercicio da persoa solicitante, no caso de exercicio de profesións colexiadas que contén con este sistema alternativo á alta no Réxime Especial de Traballadoras Autónomas da Seguridade Social.

6) Declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria segundo o formulario que se obterá na plataforma informática.

7) Certificado de atoparse ao corrente nos seus deberes de Seguridade Social, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

8) Certificado de atoparse ao corrente nos seus deberes tributarios, expedido pola Axencia Estatal Tributaria.

9) Certificado de atoparse ao corrente nos deberes tributarios e non ter pendente de pago ningunha débeda coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

10) Facturas de gasto/investimento realizadas pola persoa solicitante cunha contía mínima igual á subvención solicitada. Estes gastos/investimento deberán gardar estrita coherencia co tipo de negocio/actividade que motiva a solicitude.

4. Se a documentación esixida en calquera dos apartados anteriores xa fose achegada pola persoa solicitante ante calquera administración pública non será necesaria a súa presentación, sempre que, conforme co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, a interesada indique en que momento e ante que órgano administrativo a presentou, co fin de que a Deputación poida obter de modo electrónico a dita documentación a través das redes corporativas, consultando as plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para tal fin.

5. En todo caso, se, por razóns técnicas, non fose posible a consulta ou verificación de datos nas plataformas de intermediación das administracións públicas, a Deputación poderá solicitar á interesada que achegue a documentación de que se trate, dándolle para o efecto un prazo de dez días hábiles.

Sétima. Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polas solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixidos nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes conforme co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa para facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles ás persoas interesadas do seguinte:

a) A responsabilidade do tratamento dos datos é da Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don Luis Menor Pérez, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.es.

b) Os datos do delegado de protección son: domicilio, para os efectos de notificacións: rúa Progreso, nº 32, 32003, en Ourense e correo electrónico: dpo@depourense.es.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria ou para a valoración da súa solicitude e para a emisión das correspondentes tarxetas “EmprendOU en feminino”. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial.

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos desde a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de maneira motivada a publicación, de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atópanse ao dispor doutras persoas interesadas no procedemento aos sos efectos da presentación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución e baixo a condición de que os datos de identidade persoal das persoas interesadas non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos presentados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento dos deberes legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento

UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos ao deber de reserva salvo os referidos ao nome, apelidos e número de teléfono móbil que lle serán comunicados, no momento da concesión da subvención, á entidade financeira colaboradora para que poida emitir a tarxeta electrónica coa contía da subvención, e tratalos, para emitir, estampar e gravar a tarxeta e cuantos procesos e operacións poidan ser precisos para a activación e xestión.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou a súa representación legal cando así o reclamen para a presentación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- A membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor/a do Pobo, Defensor/a do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao amparo do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia da persoa interesada titular dos datos e nos termos previstos na devandita lei.

f) En ningún caso transferiranse os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) As persoas interesadas poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos devanditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases. Poderá formularse igualmente a

oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falta de achega á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos/as beneficiarios/as, dará lugar á súa exclusión do procedemento.

k) En ningún caso procederase á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Oitava. Procedemento de concesión.

A Área de Benestar da Deputación de Ourense será a unidade administrativa encargada da tramitación das solicitudes presentadas.

Presentada a solicitude, a Área de Benestar procederá á comprobación da corrección da documentación achegada. No caso de que se advertisen defectos materiais na documentación, a Presidencia poderá conceder un prazo de ata dez días hábiles para a súa emenda.

Verificada a corrección da documentación presentada e o cumprimento dos requisitos para o seu acceso, as subvencións adxudicaranse pola Xunta de Goberno seguindo a orde de prelación establecido pola data e hora da presentación das solicitudes correctas no Rexistro Electrónico da Deputación de Ourense. No caso de que as solicitudes non cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases, procederase á súa denegación.

O acto de concesión ou denegación das subvencións non será obxecto de notificación individual, substituíndose pola súa publicación na sede electrónica da Deputación, conforme co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A relación de subvencións concedidas publicarase ademais no portal de transparencia da Deputación nos termos previstos na Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Novena. Publicidade da subvención por parte da persoa beneficiaria:

A persoa beneficiaria da subvención deberá adoptar as medidas de difusión da subvención concedida e que lle serán indicadas pola Deputación de Ourense, así como o tempo durante o cal deberá mantelas que será igual ao esixido de mantemento da actividade que motiva esta subvención.

O incumprimento de tales medidas será causa de perda do dereito á subvención inicialmente concedida, ata un importe do 20%, que se graduará en cada caso concreto, previo expediente contradictorio con audiencia da interesada, en función da gravidade do incumprimento e de conformidade co principio de proporcionalidade.

Décima. Obrigacións das persoas beneficiarias.

Con carácter xeral, as persoas beneficiarias asumirán todas as obrigacións impostas pola lexislación de subvencións vixente.

Con carácter particular, as persoas beneficiarias destas axudas, por aplicación do Real decreto 1234/2018, do 5 de outubro, quedan obrigadas a acreditar a realización da actividade empresarial ou profesional subvencionada, nos seguintes termos:

a) A actividade profesional ou empresarial deberá manterse durante un prazo mínimo ininterrompido de 12 meses, contados a partir da data de alta na actividade.

b) O centro de traballo da actividade empresarial ou profesional deberá situarse nun municipio elixible, durante todo o período subvencionable.

c) A persoa beneficiaria deberá residir durante todo o período subvencionable nun dos municipios elixibles.

d) A persoa beneficiaria deberá comunicar á Área de Benestar da Deputación de Ourense calquera modificación que se produza durante o período subvencionable e que afecte ou poida afectar ás condicións que provocaron a concesión da axuda.

e) A persoa beneficiaria deberá aplicar as instrucións facilitadas por esta Deputación na publicidade, difusión ou información do financiamento obtido a través da concesión desta subvención.

f) A persoa beneficiaria deberá dispoñer da documentación da súa facturación e libros contables nos termos esixidos pola lexislación mercantil e fiscal vixente, coa finalidade de

facilitar e garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control por parte da Deputación.

g) A persoa beneficiaria deberá someterse as actuacións de control, comprobación e inspección que leven a cabo a Área de Benestar e/ou a Intervención da Deputación de Ourense, e achegar canta documentación e información se lle requira para o exercicio das actuacións anteriores.

h) A persoa beneficiaria deberá proceder ao reintegro dos fondos recibidos nos supostos previstos na vixente lexislación de subvencións.

Undécima. Xustificación da subvención:

A xustificación da subvención concedida pola Deputación realizarase da forma seguinte:

Transcorridos 12 meses de actividade empresarial ou profesional, contados desde a data de alta na Seguridade Social ou mutua colexial, a Deputación requirirá á persoa beneficiaria para a achega da documentación seguinte:

1) Certificado de vida laboral onde conste acreditado estar de alta no réxime da Seguridade Social que motivou a concesión da subvención de forma ininterrompida.

2) Certificado de empadramento onde conste acreditado que mantivo o seu empadramento no mesmo municipio que aquel que constaba na solicitude que motivou a concesión de subvención.

3) Certificado da mutua colexial acreditando a permanencia na situación de alta como profesional en exercicio durante o período subvencionable.

4) Certificado da Axencia Estatal Tributaria onde conste que mantivo a súa inscrición para a actividade e período subvencionada no municipio elixible.

5) Certificado de estar ao corrente coas súas obrigacións tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social.

Con todo o anterior, no requirimento que se formule a cada interesada non se esixirá a presentación daqueles documentos anteriormente relacionados cuxa consulta e verificación nas plataformas de intermediación de datos das administracións públicas se atope dispoñible para a Deputación Provincial de Ourense, sempre que a interesada teña autorizada a súa consulta na solicitude.

Sendo unicamente obrigatorio para as persoas beneficiarias achegar a documentación seguinte:

1) Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan estas de carácter público ou privado.

2) Relación e xustificación das medidas de difusión da subvención concedida. Neste caso deberán engadirse probas gráficas, sonoras e/ou visuais da publicidade realizada conforme coas instrucións facilitadas pola Deputación ao respecto.

3) Declaración responsable de non incorrer nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiaria.

Comprobado o cumprimento das condicións impostas para a concesión da subvención, declararase xustificada.

Nos casos en que non se xustifique a realización da actividade conforme co previsto nas presentes bases, a Presidencia procederá á declaración da perda do dereito e obriga de reintegro, previo expediente contradictorio tramitado con audiencia da persoa interesada, conforme co disposto na base décimo terceira.

Duodécima.- Compatibilidade con outras axudas e subvencións públicas.

Estas axudas serán compatibles con outras axudas, subvencións, ingresos e recursos recibidos pola persoa beneficiaria, procedente de calquera administración, ente público ou privado, nacional ou internacional.

Décimo terceira.- Reintegro da subvención.

No caso de concorrencia dalgunha das causas previstas na lexislación vixente, procederase a tramitar un expediente de reintegro ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida. A obrigaón de reintegro ou de perda do dereito será total ou parcial, en función da gravidade do incumprimento da persoa beneficiaria, graduándose conforme co principio de proporcionalidade.

Unha vez incoado o expediente de reintegro ou perda do dereito á subvención, concederáselle un prazo de quince días hábiles á interesada para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista desta, propoñer as probas e/ou realizar as alegacións que teñan conveniente. Concluídas as actuacións e emitidos os oportunos informes, a Presidencia ditará a resolución que corresponda.

Décimo cuarta.- Normativa de aplicación.

Será de aplicación á presente convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu amparo a normativa vixente en materia de subvencións e procedemento administrativo aplicable ás administracións locais, e, en particular, as normas seguintes:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Ordenanza xeral reguladora das subvencións da Deputación Provincial de Ourense (BOP nº 260, do 12 de novembro de 2015).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

2º.- Aprobar a convocatoria do referido concurso e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

3.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DA TEIXEIRA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DA REDE DE ABASTECIMENTO EN VALILONGO.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlle unha subvención nominativa ao Concello da Teixeira, para a execución da obra *rede de abastecemento en Valilongo*, polo importe de 45.626,92 euros, coas seguintes condicións:

1.- A contratación do investimento subvencionado, debido aos cambios organizativos e de xestión que se están a realizar na Deputación Provincial de Ourense, **será realizada directamente polo concello, consonte co disposto na lexislación vixente en materia de subvencións e de contratos do sector público**. Con dito fin, a deputación provincial porá a disposición desa entidade, toda a documentación obrante no expediente.

2.- Para a xustificación do investimento o concello deberá achegar á sección de subvencións desta deputación certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

2.1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial

2.3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (45.626,92) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

2.4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

2.5.- Que a entidade local se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

2.6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

2.7.- Que na adxudicación, se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante. Nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- Prazo xustificación: ata o **31 de outubro de 2024**

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido.

3.- Non obstante o anterior, se fose do interese desa entidade local que a tramitación do expediente de contratación se realice por esta deputación provincial, deberá comunicalo á Sección de Contratación no prazo de dez (10) días hábiles contados desde a recepción da notificación deste acordo. Neste suposto, a contratación verificarase, en atención o valor estimado do contrato, ben mediante contratación menor con publicidade a través da plataforma de licitación electrónica desta deputación –de forma que calquera licitador interesado poida presentar oferta- utilizando como criterio único de adxudicación o mellor prezo ofertado ou ben mediante procedemento aberto e utilizando como criterios de valoración automática o prezo (cunha ponderación de 90 puntos) e o prazo de garantía (cunha ponderación de 10 puntos). Os remanentes xerados polas eventuais baixas resultantes da adxudicación, incorporaranse ós orzamentos provinciais coa excepción dos procedentes, no seu caso, das aportacións municipais, previo o prorrateo correspondente. Neste caso, concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario. A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución

4.- En todo caso, a dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

4.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DA POBRA DE TRIVES PARA CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PÁDEL.

- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello da Pobra de Trives, nos seguintes termos:

- **Importe:** 48.000,00 euros.

- **Obxecto:** Construción de pista de pádel.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (48.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de ser necesario.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como

xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

- **Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2024.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prorroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

5.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE MONTEDERRAMO PARA MELLORA DE NÚCLEOS MUNICIPAIS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Montederramo, nos seguintes termos:

- **Importe:** 50.000,00 euros.

- **Obxecto:** Mellora de núcleos municipais.

- **Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do

concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do orzamento presentado para a concesión da subvención (50.000,00 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
